




CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS CONCELLO DE TEO				7
NOME	Castro de Rarís	GRAO DE PROTECCIÓN	II	CÓDIGO GA15082007
PARROQUIA	Rarís (San Miguel)	PLANIMETRÍA	(CPTOPV E. 1:5.000)	120-38
LUGAR	Rarís	COORD. U.T.M.	X 536.200 Y 4.736.840	Alt. 124 m s.n.m.
A. TIPOLÓXICA	Asentamento fortificado			
A. CULTURAL	Idade do Ferro			
DESCRICIÓN Castro que presenta unha croa lixeiramente alongada no sentido NW-SE. No seu eixo maior ten uns 100-110 m de diámetro, mentres que no menor, SW-NE, mide uns 90-100 m. Delimitando a croa obsérvase un parapeto de terra perfectamente visible en todo o seu perímetro, excepto no tercio nordés, onde está cortado por un camiño orientado no sentido NW-SE. A altura exterior é bastante uniforme, uns 2-3 m de altura, mentres que con respecto ó interior atópase ó mesmo nivel que a superficie do terreo, excepto na zona oeste onde conserva unha altura que oscila entre 1 e 2 m. É posible que ó norte da croa existise un foxo defensivo, hoxe desfigurado polo camiño tradicional que pasa por esta zona.				
ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL <i>(Superficie destacada en cor azul)</i> Superficie comprendida dentro do límite do perímetro máis externo do ben		ÁREA DE CAUTELA <i>(Superficie delimitada por unha liña vermella)</i> Entorno adaptado ó redor do perímetro máis externo do ben		

